

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

- 8151** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 168/2004, do 30 de xaneiro, polo que se regulan as condicións para a declaración de equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de diplomado en educación social establecido polo Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto. («BOE» 119, do 19-5-2005.)*

Advertido erro no Real decreto 168/2004, do 30 de xaneiro, polo que se regulan as condicións para a declaración de equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de diplomado en educación social establecido polo Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 4 en lingua galega, do 1 de marzo de 2004, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 858, primeira columna, na disposición derradeira primeira, no texto da disposición adicional única que se modifica, e na segunda columna, no anexo, onde di: «Escola de Educadores Especializados en Marxinación Social de Galicia, en Santiago de Compostela: técnico especialista en adaptación social.», debe dicir: «Escola de Educadores Especializados en Marxinación Social de Galicia, en Santiago de Compostela: educador especializado en marxinación social.».

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 8153** *ORDE PRE/1389/2005, do 16 de maio, pola que se modifica o anexo da Orde do 31 de outubro de 1988, relativa a determinados produtos utilizados na alimentación dos animais. («BOE» 119, do 19-5-2005.)*

A Orde do 31 de outubro de 1988 pola que se ditan normas relativas a determinados produtos utilizados na alimentación dos animais, que traspón a Directiva 82/471/CEE do Consello, do 30 de xuño de 1982, constitúe, desde a súa entrada en vigor, a norma interna fundamental en materia de produtos fabricados co obxecto de achegar directa ou indirectamente proteínas á alimentación animal, xunto co Real decreto 418/1987, do 20 de febreiro, sobre as substancias e produtos que interveñen na alimentación dos animais.

As disposicións ditadas, con posterioridade, en relación coas condicións de autorización dos devanditos produtos, reflectíronse noutras tantas incorporacións ou variacións do anexo da Directiva 82/471/CEE e, por tanto, do anexo da Orde do 31 de outubro, antes citado, mediante as correspondentes ordes de modificación deste.

O último cambio introducido ao respecto contense na Directiva 2004/116/CE da Comisión, do 23 de decembro de 2004, pola que se modifica o anexo da Directiva 82/471/CEE do Consello no que respecta á inclusión da Candida guilliermondii, norma que se incorpora por esta orde.

A nova directiva dítase como consecuencia do ditame realizado polo Comité científico de aditivos e produtos ou substancias empregadas na alimentación animal da Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria o 7 de xuño de 2004, sobre a utilización do dito produto nos pensos, no cal se establece que a Candida guilliermondii non presenta un risco para a saúde humana ou animal nin para o ambiente.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, logo de informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, conforme a habilitación competencial que lles outorga a disposición derradeira primeira do Real decreto 418/1987, do 20 de febreiro, sobre as substancias e produtos que interveñen na alimentación dos animais, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde do 31 de outubro de 1988.*

O punto 1.2.1 do anexo da Orde do 31 de outubro de 1988, pola que se ditan normas relativas a determinados produtos utilizados na alimentación dos animais, substitúese polo anexo desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, polo cal se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 16 de maio de 2005.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo.